



CONCELLO DE VIGO

Expediente: 10681/407

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DE VIGO”**

**ASISTENTES:**

Presidente: Carlos López Font

Vocais: José Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo  
Catalina Alfayate Rodríguez, Técnica de fiscalización e control interno  
Rubén Pérez Correa, Concelleiro do grupo municipal Marea  
Elena Ares Salgado, Técnica de Admón. Xeral  
M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Río, Arquitecta xefa da área técnica  
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos Centrais  
Belén Picos García, Xefa do Servizo de Planificación Urbanística I da Xunta de Galicia

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa da oficina

**DATA:** 30 de agosto 2018

**HORA:** 10,30 horas

**OBXECTO:** aprobación do informe do Comité de expertos avaliativo das ofertas técnicas presentadas, no lote I e II

**LUGAR:** sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 10,35 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quorum suficiente, iníciase a reunión.

**1. APROBACION DO ACTA ANTERIOR**

Apróbase por maioría o acta da sesión de data 9 de agosto de 2018, coa abstención de Carlos López Font, José Riesgo Boluda, Catalina Alfayate Rodríguez, Rubén Pérez Correa, Juan González Ramírez e Belén Picos García, por non estar presentes na sesión do día 9 de agosto.

**2. APROBACION DO INFORME DO COMITÉ DE EXPERTOS, AVALIATIVO DAS OFERTAS TÉCNICAS PRESENTADAS NO SOBRE “B”, ÓS LOTES I E II**

A continuación procédese á aprobación do informe redactado polo Comité de expertos, para a avaliación das ofertas técnicas presentadas polas empresas licitantes, que foi redactado a petición da Mesa de Contratación nas sesións dos días 2 e 9 de agosto.

O vogal José Riesgo Boluda, pide que asista á reunión algún membro do comité de expertos que explique o contido dos informes emitidos.



CONCELLO DE VIGO

Expediente: 10681/407

Asisten Juan Aguirre Rodríguez membro do comité de expertos de ambos Lotes, e Jesús Saavedra Rodríguez membro do comité de expertos do Lote I.

Procede Jesús Saavedra Rodríguez, a explicar a metodoloxía seguida para a elaboración do informe relativo ó Lote I Cartografía, informando de que existe unanimidade por parte de todos os membros do Comité de expertos, para asignar a máxima puntuación en todos os seus apartados á empresa Geograma.

Catalina Alfayate Rodríguez, indica que se faga constar no informe de proposta de adxudicación, as melloras que presenta a empresa "Geograma"

Aprobase o informe relativo o Lote I actualización cartográfica por unanimidade.

A continuación Juan Aguirre Rodríguez, procede a explicar o informe do Lote II redacción da revisión do PXOM, indicando igual que no Lote I, a unanimidade de todos os membros do Comité de expertos, na valoración das ofertas.

Neste caso tamén se revisará a oferta, por si existisen melloras, facelo constar no informe de proposta de adxudicación.

O representante do grupo municipal Marea lamenta que o criterio de avaliación do Programa de Participación Cidadá, presentando polos ofertantes, non teña un maior peso na adxudicación, como xa se propuxo na redacción dos pregos.

Apróbase por unanimidade o informe do Lote II.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 11,000 h.